

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 14-12-2023 10:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

**Por favor, cubra os seus datos antes de  
comezar a responder:**

*Por favor, cubra os seus datos antes de comezar a  
responder:*

**Nome e apelidos**

*Nome e apelidos*

**DNI:**

**Sinatura:**

*Firma:*

**Exame de obtención do Certificado de Aptitude  
Profesional (CAP)**


**Mercadorías**

**14/12/2023**

**10:00 H**

**-GALEGO-**

**MODELO A**



**Dele la vuelta al cuaderno  
para disponer del examen en  
CASTELLANO**

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 14-12-2023 10:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

## 1. Que se considera transporte internacional de mercadorías por estrada?

- a) Aquel cuxo itinerario discorre, polo menos parcialmente, polo territorio dun Estado estranxeiro.
- b) Aquel cuxo itinerario discorre totalmente polo territorio dun Estado estranxeiro.
- c) Aquel cuxo itinerario discorre, polo menos, polos territorios de dous Estados.
- d) Aquel cuxo itinerario discorre, polo menos, polos territorios de tres Estados.

## 2. Cada vez que se realiza un cambio de marcha durante a subida dunha pendente, que lle pasa ao camión?

- a) perde potencia e reduce velocidade.
- b) gaña potencia e aumenta velocidade.
- c) perde potencia e aumenta velocidade.
- d) gaña potencia e reduce velocidade.

## 3. O grao de rozamento nun camión depende:

- a) do desprazamento de masas transversais.
- b) do estado dos freos.
- c) da porcentaxe de nitróxeno.
- d) do grao de dilución.

## 4. Como se denomina o sistema que aumenta ou diminúe a guiñada para que o camión se mantéña na traxectoria que marcan as rodas?

- a) Control de estabilidade.
- b) A anchura do pneumático.
- c) Sistema de suspensión.
- d) O debuxo do pneumático.

## 5. Segundo o acordo ATP, que é un vehículo identificado coas letras CRA?

- a) Un vehículo calorífico reforzado da clase A.
- b) Esta clase de vehículo non existe.
- c) Un vehículo isoterma reforzado da clase A.
- d) Un vehículo refrixerante reforzado da clase A.

## 6. As sociedades cooperativas poderán revestir a forma de:

- a) cooperativas de primeiro, segundo, terceiro e cuarto grao.
- b) cooperativas de primeiro, segundo e terceiro grao.
- c) cooperativas de primeiro e segundo grao.
- d) cooperativas de primeiro grao soamente.

## 7. Nas empresas pequenas de transporte de mercadorías, que é máis habitual que realice o empresario?

- a) Conducir o vehículo.
- b) Xestións de tipo administrativo (visado, contabilidade).
- c) Xestións fiscais.
- d) Xestións relativas á Seguridade Social.

## 8. Cales son as funcións propias do xefe de tráfico dunha empresa de transporte de mercadorías por estrada?

- a) Buscar operacións de transporte para a empresa.
- b) Controlar o rendemento dos condutores.
- c) Xestionar a frota.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 14-12-2023 10:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

**9. Que é un acordo bilateral en transporte internacional de mercadorías?**

- a) Un acordo entre dúas empresas de transporte dun país para realizar transporte internacional.
- b) Un acordo entre dúas empresas de diferentes países para realizar transporte internacional.
- c) Un acordo entre dous países para regular as condicións de transporte entre ambos os países.
- d) Un acordo entre dous organismos internacionais encamiñado á regulación das condicións de transporte entre os diferentes países que son parte de ambas as organizacións.

**10. O transporte de mercadorías que non excede os límites dun país coñécese co nome de transporte:**

- a) urbano.
- b) comunitario.
- c) interior.
- d) doméstico.

**11. O capital social dunha sociedade que está dividido en participacións indivisibles e acumulables corresponde a unha sociedade:**

- a) anónima.
- b) anónima laboral.
- c) de responsabilidade limitada.
- d) de garantía recíproca.

**12. Que se entende por subviraxe nunha curva tomada por un camión?**

- a) Cando a traxectoria real é máis aberta que a que debería realizar.
- b) Cando a traxectoria real é máis pechada que a que debería realizar.
- c) Cando a traxectoria do camión cando cambia de carril.
- d) O envorco do camión ao tomar a curva freando.

**13. Que é o réxime ATA?**

- a) É un réxime aduaneiro utilizado para o movemento de mercadoría sensible.
- b) É un réxime aduaneiro utilizado para o transporte especial.
- c) É un réxime aduaneiro utilizado para o transporte de material bélico.
- d) É un réxime aduaneiro utilizado para a importación temporal.

**14. Un terreo dedicado unicamente a estacionamento de vehículos, pódese considerar centro de transporte e loxística de mercadorías?**

- a) Si.
- b) Só se ten vixilancia.
- c) Non.
- d) Só se ten servizos para o condutor.

**15. As persoas que obtivesen o permiso de conducir das clases C1, C1 E, C ou C E a partir de 11 de setembro de 2009 deben obter ademais:**

- a) o Certificado de Condución Completa (CCC).
- b) o Certificado de Condución Profesional (CCP).
- c) o Certificado Profesional (CP).
- d) o Certificado de Aptitude Profesional (CAP).

**16. A sobrecarga dalgún dos eixos dun camión:**

- a) non pode danar o eixo de dirección.
- b) non pode danar aos pneumáticos.
- c) non afecta á tracción.
- d) provoca efectos negativos na condución e seguridade do vehículo.

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 14-12-2023 10:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

## 17. No ámbito do transporte internacional de mercadorías por estrada, a que se denomina transportes liberalizados?

- a) A aqueles que non están suxeitos a controis fronteirizos.
- b) A aqueles que poden ser desenvoltoos sen necesidade dunha autorización específica.
- c) A aqueles que non están suxeitos a tarifas obrigatorias.
- d) A aqueles nos que se pode pactar libremente entre as partes as condicións para a súa realización.

## 18. Que son os transportes de mercadorías en réxime de cabotaxe?

- a) Os transportes realizados integramente no territorio dun Estado estranxeiro por transportistas que están establecidos no mesmo.
- b) Os transportes realizados integramente no territorio dun Estado estranxeiro por transportistas que non están establecidos no mesmo.
- c) Os transportes de proximidade.
- d) Os transportes que atravesan un Estado sen cargar nin descargar mercadorías no mesmo.

## 19. O transporte funerario realizado por prestadores de servizos funerarios:

- a) necesita autorización de transporte funerario (tarxeta VF).
- b) necesita autorización de transporte privado complementario de mercadorías (tarxeta MPCE).
- c) necesita autorización de transporte público de mercadorías (tarxeta MDLE).
- d) está exento de autorización.

## 20. O Convenio CMR contempla diversas causas de exención de responsabilidade do transportista cando o dano da mercadoría puidese derivar delas. A quen corresponde a proba?

- a) Ao transportista.
- b) Ao remitente.
- c) Ao destinatario.
- d) Á Xunta Arbitral do Transporte.

## 21. Para iniciar un transporte TIR, que se debe presentar na aduana de partida?

- a) A mercadoría.
- b) A mercadoría e o vehículo.
- c) A mercadoría, o vehículo e o caderno TIR.
- d) A mercadoría, o vehículo, o caderno TIR e o xustificante de garantía.

## 22. En que modalidade outórganse as autorizacións para efectuar transporte público de mercadorías?

- a) Como autorización por vehículo.
- b) Como autorización á viaxe.
- c) Como autorización de empresa.
- d) As respostas B e C son correctas.

## 23. De que vantaxes poden beneficiarse quen ten a condición de operador económico autorizado?

- a) Dunha redución especial nos gravames de importación.
- b) De preferencia na obtención de subvencións vinculadas á exportación.
- c) De facilidades na realización dos controis aduaneiros.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

## 24. Que entenden por carga indivisible as normas de circulación?

- a) A que as partes do contrato de transporte definiron como tal.
- b) A que non pode ser transportada por un vehículo que se axuste ás masas e dimensións máximas autorizadas.
- c) As que cataloga como tales a DXT na Resolución correspondente.
- d) Todas as respostas son correctas

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 14-12-2023 10:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

**25. Como se denomina ao acordo entre dous países para regular as condicións de transporte entre ambos?**

- a) De cabotaxe.
- b) Multilateral.
- c) Bilateral.
- d) Convenio paritario.

**26. A que se deben principalmente as perdas enerxéticas que se producen na transmisión?**

- a) Á temperatura ambiente.
- b) Ao rozamento dos seus elementos.
- c) Á aerodinámica do vehículo.
- d) Á humidade do ambiente.

**27. Por medio de que mecanismos obtéñense na caixa de velocidades con cambio manual as relacións de desmultiplicación adaptadas aos diferentes valores que opón o vehículo ao desprazarse?**

- a) Por medio dun conxunto de contrapesos.
- b) Por medio dun conxunto de engrenaxes.
- c) Por medio dun conxunto de válvulas.
- d) Por medio dun conxunto de rodas.

**28. Como se denomina ao motor que conserva un par similar durante unha ampla gama de revolucións?**

- a) Lineal.
- b) Elástico.
- c) Inelástico.
- d) Exponencial.

**29. Cal destas afirmacións, referida á posición que debe adoptar o condutor, é falsa?**

- a) Os brazos non han de estar tensos.
- b) As mans non deben agarrar o volante con forza.
- c) Os brazos non han de estar lixeiramente flexionados.
- d) Non convén cruzar as mans ao virar o volante.

**30. Que actuación é correcta para optimizar o consumo de carburante?**

- a) Facer un bo uso dos diferentes sistemas de freo, unicamente.
- b) Facer un bo uso do motor, soamente
- c) Só facer un bo uso da caixa de velocidades.
- d) Facer un bo uso dos diferentes sistemas de freo, do motor e da caixa de velocidades, dependendo de cada situación.

**31. Que é o freo motor?**

- a) A utilización do pedal de freo que teñen todos os coches.
- b) A utilización simultánea do pedal de freo e o de man.
- c) A utilización do freo de man.
- d) A utilización do motor para poder reducir a velocidade.

**32. Que recomendación é conveniente seguir para optimizar o consumo de carburante conducindo en pendentes ascendentes?**

- a) Reducir a relación de transmisión seleccionada se fose necesario.
- b) Manter a agulla do tacómetro na parte esquerda da zona económica.
- c) Manter o pedal acelerador pouco pisado.
- d) Abrir as ventás para que circule o aire libremente.

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 14-12-2023 10:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

**33. Que se debe facer tras unha gran discusión?**

- a) Coller o coche para tranquilizarse conducindo.
- b) Esperar a tranquilizarse para coller o coche e emprender a viaxe.
- c) Continuar coa discusión polo mans libres mentres se conduce.
- d) Poñer a radio e tentar esquecer a discusión conducindo.

**34. Un uso correcto do vehículo pode chegar a reducir o consumo?**

- a) Só en longas viaxes.
- b) Si.
- c) Non, só depende do carburante.
- d) Non, nunca.

**35. Ao estar en movemento o vehículo leva asociada unha enerxía, chamada inercia dinámica, que está en función de:**

- a) a súa masa e velocidade.
- b) a altura do vehículo.
- c) a lonxitude do vehículo.
- d) a súa capacidade de freada.

**36. Se, coa presión realizada ao frear, as rodas do vehículo permanecen bloqueadas, que debe facer o condutor?**

- a) Ir levantando o pé do pedal do freo ata que as rodas volvan virar.
- b) Pisar o pedal do freo a fondo ata que as rodas volvan virar.
- c) Esperar a que o sistema ABS se encargue de desbloquear as rodas.
- d) Dar "volantazos" ata que o vehículo se estabilice.

**37. Se o freo dun vehículo é incapaz de evacuar a calor que xera:**

- a) pode alcanzar a súa máxima potencia.
- b) pode perder eficacia e mesmo deixar de funcionar.
- c) pode deteriorar o asfalto da estrada.
- d) non ten consecuencia ningunha, posto que o freo xera unha calor mínima.

**38. Todos os vehículos, obrigatoriamente, deben ter instalados elementos:**

- a) de seguridade activa e de seguridade pasiva.
- b) de seguridade activa, pois a instalación dos de seguridade pasiva é opcional.
- c) de seguridade pasiva, pois a instalación dos de seguridade activa é opcional.
- d) Obrigatoriamente ningún, pois a súa instalación só é recomendable.

**39. Cal dos seguintes riscos para a saúde non está asociado á actividade de transporte?**

- a) Alteracións dos ritmos da dixestión e do soño.
- b) Úlcera de duodeno.
- c) Fatiga e tensión producidos pola prolongación de xornadas.
- d) Fatiga e tensión producidos polo traballo a contrarreloxo e urxencia do servizo.

**40. O exercicio físico habitual é especialmente recomendable para:**

- a) comprender o sentido das normas de circulación.
- b) analizar a información procedente do sistema de tráfico.
- c) ninguén.
- d) os condutores profesionais xa que pasan moitas horas da súa xornada sentados.

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 14-12-2023 10:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

**41. Cal das seguintes enfermidades non está recoñecida como enfermidade profesional no sector do transporte?**

- a) Outras enfermidades vinculadas ao transporte de produtos determinados (cloro licuado, manganeso e os seus compostos etc.)/ etc.).
- b) Xordeira provocada polo ruído.
- c) Parálise facial.
- d) Parálise do nervio radial por compresión do mesmo provocada por posturas forzadas e movementos repetitivos.

**42. Para o seu axuste óptimo, a parte superior do repousacabezas debe estar:**

- a) a 10 cm por encima da parte superior da cabeza.
- b) á mesma altura que a parte posterior da cabeza.
- c) por baixo da caluga.
- d) a 20 cm por encima da parte superior da cabeza.

**43. Nos camións, a caixa de cambios ou caixa de velocidades é o elemento encargado de:**

- a) conectar o motor co sistema de transmisión.
- b) converter a velocidade lineal en velocidade de xiro.
- c) converter a enerxía cinética en enerxía potencial.
- d) reducir o rozamento termodinámico.

**44. A carga útil dun camión é:**

- a) a masa que se alcanza con aceleración máxima.
- b) a masa máxima para a utilización do vehículo con carga en circulación polas vías públicas.
- c) a masa máxima por eixo baseada na súa construción e especificada polo fabricante.
- d) a masa que pode transportar o vehículo, resultante de restar a tara do mesmo da súa Masa Máxima Autorizada.

**45. A que afecta a incorrecta distribución da carga?**

- a) Ao peso específico da carga.
- b) Ao centro de gravidade da carga.
- c) Á estabilidade do vehículo.
- d) Á forza termotecnia lateral.

**46. Un quilovatio de potencia equivale a:**

- a) 1,36 cabalos de vapor.
- b) 2,5 cabalos de vapor.
- c) 1,10 cabalos de vapor.
- d) 2,25 cabalos de vapor.

**47. A potencia dun motor pódese medir en:**

- a) cabalos de vapor.
- b) cabalos fiscais.
- c) metros por segundo.
- d) metros por hora.

**48. Que permite o control de tracción ASR?**

- a) Aumentar a distancia de freada.
- b) Bloquear os freos.
- c) Unha arrancada segura en condicións de baixa adherencia.
- d) Derrapar.

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 14-12-2023 10:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

---

**49. Que é o Espazo Schengen?**

- a) Inclúe a todos os Estados membros da Unión Europea.
- b) Supón a libre circulación de persoas entre continentes.
- c) Un territorio sen controis fronteirizos internos dentro de Europa.
- d) Un espazo publicitario europeo.

**50. Nun transporte de calidade, o coidado de que elementos tanxibles é máis importante?**

- a) O dos vehículos.
- b) O do uniforme dos condutores.
- c) O da iluminación da adega do vehículo.
- d) O do lubricante utilizado nos vehículos.

**51. Cal dos seguintes estilos de condución é inadecuado para o aforro de carburante?**

- a) Actuar sabendo que o vehículo consome menos nas marchas longas.
- b) Actuar sabendo que o vehículo consome menos a baixas revolucións.
- c) Utilizar o freo do motor en lugar dos freos convencionais.
- d) Utilizar os freos convencionais en lugar do freo motor.

**52. Que é aconsellable que faga en primeiro lugar o condutor dun vehículo que sufrise un incidente como, por exemplo, unha avaría?**

- a) Tentar arranxar a avaría.
- b) Abandonar o vehículo.
- c) Evitar que o vehículo se converta nun obstáculo na vía.
- d) Recorrer aos servizos dun guindastre.

**53. En que supostos, durante o seu período de validez, poderá ser retirada ou suspendida a tarxeta de tacógrafo dun condutor?**

- a) Cando se constate que o condutor utiliza unha tarxeta da que non é titular.
- b) Cando se constate que a tarxeta perdeu a súa cor orixinal.
- c) Cando se constate que a memoria da tarxeta está chea.
- d) A tarxeta de condutor non pode retirarse en ningún caso.

**54. Que datos rexistra, automática ou semiautomáticamente, o tacógrafo?**

- a) Distancia percorrida polo vehículo.
- b) Velocidade do vehículo.
- c) Actividade do condutor (tempo de condución).
- d) Todas as respostas son correctas.

**55. Segundo a normativa laboral española, en que consiste o tempo de presenza dos condutores profesionais?**

- a) Estar descansado no seu domicilio.
- b) Realizar actividades de condución nun vehículo.
- c) Estar ao dispor do empresario sen prestar traballo efectivo.
- d) Realizar calquera traballo de mantemento do vehículo.

**56. Cal dos seguintes non adoita ser un cliente difícil dunha empresa de transportes?**

- a) O autoritario.
- b) O discutidor.
- c) O empático.
- d) O altivo.



# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 14-12-2023 10:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

**57. Que acción debe realizar o condutor para extraer a súa tarxeta do tacógrafo dixital?**

- a) Acceder ao menú.
- b) Desconectar o tacógrafo.
- c) Abrir a impresora para que así salga a tarxeta.
- d) Presionar o botón de expulsión.

**58. Ao quentar os elementos frenantes do sistema de freado por unha utilización excesiva, que fenómeno se produce?**

- a) O fenómeno "fading".
- b) O fenómeno aquaplaning.
- c) O fenómeno tubeless.
- d) O fenómeno "reinforced".

**59. O maior ou menor consumo de carburante dun vehículo pesado depende de varios factores, entre outros:**

- a) da montaxe de freos de tambor.
- b) do tipo de ralentizador que monte o vehículo.
- c) do material do que estea construída a carrocería.
- d) do mantemento do vehículo, o tipo de condución que realice o condutor e as revolucións por minuto do motor.

**60. O uso que se realice do motor dun automóbil, pode influír no consumo de carburante?**

- a) Si.
- b) Non, o consumo só depende da velocidade.
- c) Non, o consumo só depende da relación de marchas.
- d) Non, o consumo só depende da aerodinámica do vehículo.

**61. O correcto funcionamento do sistema de distribución, inflúe no consumo de carburante?**

- a) Si, xa que se evitan perdas de potencia.
- b) Non, xa que o sistema de distribución só afecta o momento de apertura das válvulas.
- c) Non, xa que o sistema de distribución só afecta o momento de peche das válvulas.
- d) Non, xa que o sistema de distribución non ten relación ningunha co consumo de carburante.

**62. Utilizar un aceite de alta calidade para lubricar un motor de combustión, ten influencia no consumo de carburante?**

- a) Si, aumentando o consumo ao ser un aceite de alta densidade.
- b) Si, aumentando o consumo ao ser un aceite de alta viscosidade.
- c) Si, diminuindo o consumo xa que se reduce o rozamento das pezas diminuindo as perdas de potencia.
- d) Non, só inflúe no desgaste das pezas.

**63. A utilización do freo eléctrico:**

- a) limitarase ao imprescindible xa que deteriora rapidamente os elementos frenantes.
- b) limitarase ao imprescindible xa que deteriora a transmisión.
- c) utilizarase sempre despois do freo de servizo.
- d) evita o fenómeno "fading".

**64. Segundo a Lei de responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, a cobertura do seguro de subscripción obrigatoria non alcanzará aos danos materiais ocasionados:**

- a) ao vehículo causante do accidente.
- b) aos bens dos que sexa titular o propietario do vehículo causante do accidente.
- c) aos bens dos que sexa titular o condutor do vehículo causante do accidente.
- d) Todas as respostas son correctas.

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 14-12-2023 10:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

**65. Que tipo de equipo de protección individual son os chalecos termógenos?**

- a) Protectores do tronco.
- b) Protectores de pés e pernas.
- c) Protectores dos ollos e da cara.
- d) Protectores das vías respiratorias.

**66. Reducir a velocidade media de circulación, que vantaxes presenta?**

- a) Menor consumo, contaminación ambiental e contaminación acústica.
- b) Aumentar o coeficiente aerodinámico do vehículo e prolongar a vida do motor.
- c) Aumentar a frecuencia da inspección técnica periódica e reducir os prazos de mantemento do vehículo.
- d) Non ter que comprobar o nivel do líquido refrixerante xa que, conducir desta maneira, fai que o consumo de refrixerante sexa nulo.

**67. Un dos obxectivos fundamentais dunha correcta estiba é contrarrestar as forzas de inercia que actúan nas diferentes direccións, pero, cando actúan máis estas forzas?**

- a) Nos xiros.
- b) Nas pendentes.
- c) Nos arranques ou en freadas intensas.
- d) Nas curvas.

**68. A que tipo de feridos recoméndase dar de beber auga en pequenos sorbos?**

- a) Aos que teñen parada cardiorrespiratoria.
- b) Aos que teñen queimaduras graves.
- c) Aos feridos sen pulso.
- d) Aos que teñen fracturas de pelvis.

**69. Cal é o accidente máis frecuente que se adoita producir como consecuencia de abandonar o vehículo sen asegurar a súa inmovilización?**

- a) Atropelos por vehículos.
- b) Exposición continuada a vibracións.
- c) Caídas de persoas ao mesmo nivel.
- d) Caídas de persoas a distinto nivel.

**70. A formación continua é obrigatoria para os titulares dos permisos de conducir:**

- a) de calquera tipo.
- b) da clase D ou D E, soamente.
- c) da clase D1 ou D1 E, soamente.
- d) das clases D, D E, D1 e D1 E.

**71. Que porcentaxe da poboación estímase que padece trastornos do sono?**

- a) 70 %.
- b) 50 %.
- c) 10 %.
- d) 1 %.

**72. Baixo unha situación de somnolencia, que factores psicofísicos do condutor se ven afectados?**

- a) A percepción.
- b) O razoamento.
- c) Os reflexos e o tempo de reacción.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 14-12-2023 10:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

---

**73. Das seguintes accións, cal favorece a ausencia de accidentes?**

- a) Circular a unha velocidade inadecuada.
- b) Conducir baixo os efectos do alcol.
- c) Conducir respectando a sinalización viaria.
- d) Conducir utilizando inadecuadamente os elementos de seguridade dos vehículos.

**74. O retardador hidráulico ten que utilizarse:**

- a) de maneira progresiva.
- b) non máis dunha vez por hora.
- c) unicamente en situacións de emerxencia.
- d) de maneira brusca.

**75. O consumo de carburante redúcese se:**

- a) auméntase o número de aceleracións.
- b) aproveítanse as inercias só nas pendentes ascendentes.
- c) faise un bo uso da caixa de velocidades.
- d) auméntase o réxime de xiro.

**76. Que se entende por competencia" na prestación dun servizo de transporte?"**

- a) Experiencia e contactos.
- b) Capacidade para enmascarar un mal servizo.
- c) Coñecemento e habilidades necesarias para levalo a cabo correctamente.
- d) Transporte sen riscos.

**77. Nun menú na estrada, que alimentos deberanse evitar?**

- a) As verduras.
- b) Os alimentos e salsas excesivamente graxas.
- c) O arroz e a pasta.
- d) As patacas e os legumes.

**78. Para reducir o consumo de carburante dun vehículo pesado, é conveniente que a agulla do contarrevolucións se atope:**

- a) por baixo da zona marcada de cor verde no contarrevolucións.
- b) por encima da zona marcada de cor verde no contarrevolucións.
- c) na zona marcada de cor verde no contarrevolucións.
- d) fóra da zona marcada de cor verde no contarrevolucións.

**79. Unha boa forma de aforrar carburante ao conducir un vehículo pesado é:**

- a) baixar as pendentes en punto morto.
- b) esperar co motor arrincado sen circular ata que alcance a temperatura adecuada de funcionamento.
- c) circular cunha presión de inflado dos pneumáticos inferior á recomendada polo fabricante.
- d) observar o contarrevolucións para saber en que momento se debe cambiar de marcha.

**80. O uso do aire acondicionado ou climatizador do seu vehículo, afecta ao consumo de combustible?**

- a) Si, aumenta.
- b) Si, diminúe.
- c) Non afecta.
- d) Só cando se circula por vías urbanas.

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 14-12-2023 10:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

**81. Para facer unha condución eficiente e reducir o consumo de carburante, é conveniente:**

- a) reducir a distancia de seguridade xa que, desta maneira, os obstáculos vense antes.
- b) aumentar a distancia de seguridade co fin de ter máis tempo para reaccionar.
- c) utilizar relacións de marchas curtas.
- d) acelerar cando se arrinca.

**82. Conducindo un vehículo pesado e co motor funcionando á temperatura adecuada, o consumo de carburante depende, entre outros factores:**

- a) da variación da relación de compresión, segundo as revolucións do motor.
- b) da octanaxe do gasóleo.
- c) da masa do vehículo.
- d) da posición do condutor.

**83. Cal é o principal efecto negativo do transporte por estrada?**

- a) A conxestión viaria.
- b) Impacto ambiental.
- c) O transporte non ten efectos negativos.
- d) A accidentabilidade.

**84. Que factor inflúe no consumo de carburante?**

- a) O tipo de freo que monte o vehículo.
- b) A porcentaxe de anticongelante que posúa o líquido do sistema de refrixeración.
- c) A presión de inflado dos pneumáticos.
- d) A situación das rodas motrices.

**85. Que inflúe no consumo de carburante dun vehículo pesado?**

- a) A posición do pedal do acelerador e a lonxitude do cigüeñal.
- b) A presión dos pneumáticos e a lonxitude do pistón.
- c) O mantemento do vehículo e a presión dos pneumáticos.
- d) O tipo de batería e a relación de marchas seleccionada.

**86. Dentro dos modos de transporte, cal é o que xera máis emprego?**

- a) Ferroviario.
- b) Marítimo.
- c) Por estrada.
- d) Aéreo.

**87. Como se denomina habitualmente o transporte de mercadorías por conta allea?**

- a) Transporte común.
- b) Transporte público.
- c) Transporte privado.
- d) Transporte alugado.

**88. O consumo de carburante dun vehículo pesado pode ser maior do normal dependendo:**

- a) da posición do pedal do acelerador e do tipo de batería: con ou sen mantemento.
- b) do coeficiente de rozamento dos pneumáticos con calzada e do tipo de sistema de mando da distribución.
- c) dos ralentizadores que monte o vehículo e a presión dos pneumáticos.
- d) do tipo de condución que realice o condutor e o estado no que se atope o filtro do aire do sistema de alimentación.

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 14-12-2023 10:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

**89. Como se chama o vehículo destinado ao transporte a granel de líquidos ou de gases licuados?**

- a) Portacontedores.
- b) Cisterna.
- c) Capitoné.
- d) Portavehículos.

**90. Que regula a Orde do 27 de xullo de 1999, sobre condicións que deben reunir determinados extintores de incendios?**

- a) Os tipos de extintor que deben levar os vehículos de transporte de persoas.
- b) Os tipos de extintor que deben levar os vehículos de transporte de mercadorías.
- c) Os tipos de extintor que debe haber nun garaxe.
- d) As respostas A e B son correctas.

**91. Cal dos seguintes transportes internacionais de mercadorías entre países integrados no sistema de autorizacións CEMT está liberalizado?**

- a) O transporte de produtos hortofrutícolas.
- b) O transporte de leite en vehículos cisterna debidamente acondicionados.
- c) O desprazamento en baleiro dun vehículo destinado a substituír a outro que quedou fóra de servizo no estranxeiro.
- d) As respostas B e C son correctas.

**92. Cales dos seguintes Estados forman parte do Espazo Schengen?**

- a) Bélxica e Luxemburgo
- b) Bélxica e Reino Unido.
- c) Irlanda.
- d) Todas as respostas son correctas.

**93. Coa entrada en vigor do Acordo de Schengen, axilizouse o cruzamento das fronteiras entre os países signatarios?**

- a) Si, entrou en vigor en 1995.
- b) Si, pero a súa aplicación efectiva demorouse ata 1999.
- c) Non, foi co Convenio de Liechtenstein.
- d) Non, foi co Convenio de París.

**94. En condicións climatolóxicas adversas, o condutor:**

- a) deberá inmovilizar o vehículo.
- b) deberá adaptar a conducción ás condicións da vía.
- c) estará obrigado a colocar as cadeas ou outros sistemas homologados.
- d) non deberá cambiar as súas actitudes ante a conducción.

**95. Cal das seguintes técnicas indicadas é máis correcta para optimizar o consumo de carburante?**

- a) Evitar os períodos de tempo co vehículo parado e o motor ao ralentí.
- b) Circular a velocidade alta.
- c) Circular sempre en marchas curtas.
- d) Abrir as ventás para que circule o aire libremente.

**96. Onde se atopa situado o ralentizador hidrodinámico do tipo "intárder"?**

- a) No colector de escape.
- b) No sistema de transmisión.
- c) No bloque motor.
- d) No cigüeñal.

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 14-12-2023 10:00 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

**97. A existencia de follas ou barro na estrada son un indicio de posibilidade dun:**

- a) rebentón.
- b) derrapaxe.
- c) bloqueo de roda.
- d) Ningunha resposta é correcta.

**98. Se ao circular co noso vehículo atopámonos cun accidente:**

- a) é aconsellable, aínda que non obrigatorio, que interveñamos para tentar axudar.
- b) estamos obrigados a tentar axudar.
- c) estamos obrigados a tentar axudar, pero só cando haxa mortos.
- d) estamos obrigados a tentar axudar, pero só cando non haxa mortos.

**99. Deben as empresas CAP efectuar algún trámite respecto de cada curso que vaian impartir?**

- a) Si, deben comunicar a súa realización á Administración competente.
- b) Si, deben comunicar á Administración competente as variacións que se produzan respecto de os datos inicialmene comunicados.
- c) Si, deben solicitar autorización antes de iniciar cada curso.
- d) As respostas A e B son correctas.

**100. Unha vez finalizado un curso CAP, a empresa que o imparte debe:**

- a) expedir un certificado acreditativo de efectuar a formación a todos os alumnos matriculados no curso que asistisen, polo menos, ao 80 por 100 das clases.
- b) expedir un certificado acreditativo de efectuar a formación a todos os alumnos matriculados no curso que asistisen, polo menos, ao 90 por 100 das clases.
- c) expedir un certificado acreditativo de efectuar a formación a cada alumno que o seguira con aproveitamento.
- d) expedir un certificado de aptitude profesional (CAP) a cada alumno que o seguira con aproveitamento.

Preguntas de reserva (Só se corrixirán se o tribunal anula algunha das anteriores)
--

**101. A que se denomina tránsito común no ámbito da normativa aduaneira?**

- a) A un réxime de tránsito aduaneiro utilizado para o transporte de mercadorías entre dous puntos do territorio da Unión Europea.
- b) A un réxime de tránsito aduaneiro utilizado para o transporte de mercadorías entre a Unión Europea e os países da Asociación Europea de Libre Comercio.
- c) A un réxime de tránsito aduaneiro utilizado para o transporte de mercadorías da Unión entre dous puntos do territorio aduaneiro da Unión, que deba atravesar no seu percorrido un país da Asociación Europea de Libre Comercio.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

**102. Cal dos seguintes accidentes de traballo prodúcese máis frecuentemente na actividade de transporte?**

- a) Golpes con ferramentas e outros obxectos.
- b) Exposición a substancias tóxicas.
- c) Caída de obxectos ao manipulalos.
- d) Esmagamento por envorco da maquinaria de traballo.

**103. Que efecto ten unha presión do pneumático inferior á recomendada?**

- a) Reduce o risco de rebentón.
- b) Prexudica a capacidade de freado.
- c) Acelera o desgaste dos bordos da banda de rodadura.
- d) Supón un menor consumo de combustible.

## EXAMEN DE OBTENCIÓN DEL CAP

Fecha: 14-12-2023 10:00 h  
Lugar: RUA DE MADRID, 2

Examen: Mercancías Modelo A  
Duración: 120 MINUTOS

97. La existencia de hojas o barro en la carretera son un indicio de posibilidad de un:

- a) reventón.
- b) derrape.
- c) bloqueo de rueda.
- d) Ninguna respuesta es correcta.

98. Si al circular con nuestro vehículo nos encontramos con un accidente:

- a) es aconsejable, aunque no obligatorio, que interengamos para intentar ayudar.
- b) estamos obligados a intentar ayudar.
- c) estamos obligados a intentar ayudar, pero solo cuando haya muertos.
- d) estamos obligados a intentar ayudar, pero solo cuando no haya muertos.

99. ¿Deben las empresas CAP efectuar algún trámite respecto de cada curso que vayan a impartir?

- a) Sí, deben comunicar su realización a la Administración competente.
- b) Sí, deben comunicar a la Administración competente las variaciones que se produzcan respecto de los datos inicialmente comunicados.
- c) Sí, deben solicitar autorización antes de iniciar cada curso.
- d) Las respuestas A y B son correctas.

100. Una vez finalizado un curso CAP, la empresa que lo imparte debe:

- a) expedir un certificado acreditativo de haber efectuado la formación a todos los alumnos matriculados en el curso que hayan asistido, al menos, al 80 por 100 de las clases.
- b) expedir un certificado acreditativo de haber efectuado la formación a todos los alumnos matriculados en el curso que hayan asistido, al menos, al 90 por 100 de las clases.
- c) expedir un certificado acreditativo de haber efectuado la formación a cada alumno que lo haya seguido con aprovechamiento.
- d) expedir un certificado de aptitud profesional (CAP) a cada alumno que lo haya seguido con aprovechamiento.

Preguntas de reserva (Solo se corregirán si el tribunal anula alguna de las anteriores)

101. ¿A qué se denomina tránsito común en el ámbito de la normativa aduanera?

- a) A un régimen de tránsito aduanero utilizado para el transporte de mercancías entre dos puntos del territorio de la Unión Europea.
- b) A un régimen de tránsito aduanero utilizado para el transporte de mercancías entre la Unión Europea y los países de la Asociación Europea de Libre Comercio.
- c) A un régimen de tránsito aduanero utilizado para el transporte de mercancías de la Unión entre dos puntos del territorio aduanero de la Unión, que deba atravesar en su recorrido un país de la Asociación Europea de Libre Comercio.
- d) Todas las respuestas anteriores son correctas.

102. ¿Cuál de los siguientes accidentes de trabajo se produce más frecuentemente en la actividad de transporte?

